

Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
XMO1003	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2020 - 2021

Ensinanza

Curriculum	Ensinanzas	Título	Grao	Réxime
DECRETO 372/2003, DO 16 DE SETEMBRO	DEPORTIVAS (RÉXIME ESPECIAL)	TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN FÚTBOL (875 h)	SUPERIOR	<ul style="list-style-type: none"> • PRESENCIAL • SEMIMPRENCIAL • NON PRESENCIAL

Módulo profesional

Código	Nome	Curso	Trimestre	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
M14	Técnica individual y colectiva III	N3	1º y 2º	6	90	108

Profesorado responsable

Elaboración	TOMÁS MONTOYA ABOAL
Impartición	TOMÁS MONTOYA ABOAL

Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Competencias específicas do módulo (saber e saber facer):

1. Planificar e dirixi-lo adestramento de deportistas e equipos de fútbol en competicións de medio e alto nivel, así como dirixir escolas de fútbol (competencia xeral).
2. Analiza-los xestos e as accións técnicas dos xogadores de fútbol de alto nivel.
3. Deseñar exercicios para a mellora dos xestos técnicos e comprender a súa importancia no rendemento individual, grupal e colectivo.
4. Emprega-los sistemas avanzados no adestramento dos xestos técnicos individuais dos xogadores de fútbol de alto nivel.
5. Analizar e extraer tras realizar un visionado dun partido cales son as accións técnicas que máis prevalecen segundo o modelo de xogo empregado.

Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha. (As sesións poderán ser impartidas por videoconferencia a través da plataforma que proporciona a Consellería de Educación).

UD	Título	Descripción	Duración (sesiones)
1	Introducción	Consta de unha aproximación á importancia da técnica nos deportes colectivos como é o caso do fútbol. Observar cortes de vídeo con accións técnicas de futbolistas de alto nivel.	1
2	As capacidades coordinativas como base da técnica deportiva.	Exposición acerca das capacidades coordinativas e súa relación coa técnica deportiva e coa técnica deportiva a nivel individual (estilo propio de cada futbolista). Plantexar exercicios prácticos en campo.	4
3	Configuración das capacidades coordinativas.	Relación das capacidades coordinativas co sistema nervioso e músculo-articular e as diferentes áreas de expresión do movemento nas que se agrupan estas capacidades.	4
4	A técnica deportiva: relación cos elementos que componen o xogo.	Análise da técnica nos deportes de situación e equipo e a súa relación cos componentes do xogo (capacidades condicionais e cognoscitivas).	4
5	Proposta de traballo para o adestramento da técnica basado nas capacidades coordinativas.	Explicación das diferentes estratexias metodolóxicas para levar a cabo o proceso de aprendizaxe técnico. Plantexar traballos prácticos en campo.	8
6	Componentes da	Descripción sobre a importancia da táctica para o	6

	técnica futbolística e execucións técnicas no fútbol.	aproveitamento das execucións técnicas, xa que nos deportes de cooperación-oposición van unidas; falamos de acción técnico-táctica.	
7	Accións técnico-tácticas nos distintos roles e subroles no fútbol.	Explicación dos diferentes niveles da lóxica interna do xogo e a súa relación cos diferentes roles sociomotores e as intencións técnico-tácticas destes roles e subroles.	6
8	Metodoloxía do adestramento da técnica no fútbol.	Prantexamento dunha ensinanza para o aprendizaxe da técnica dende as necesidades que esixe o xogo.	5
9	Ensinanza e adestramento das capacidades coordinativas no fútbol.	Exposición dos criterios metodolóxicos para a creación de tareas de adestramento da técnica futbolística.	14
10	Medios de adestramento da técnica no fútbol.	Exposición dos diferentes medios de adestramento para a técnica baseándose nos niveis de aproximación das tarefas (xeral, dirixido e especial). Desenrolar traballos elaborados na aula ao campo e executalos.	28
11	A técnica específica do porteiro de fútbol	Descripción das capacidades técnicas na figura do porteiro e formas de adestramento do mesmo.	15
12	A estratexia	Descripción das diferentes accións técnicas da estratexia ou accións a balón parado e a súa influencia no xogo.	13
TOTAL			108

Metodoloxía

É preciso ter en conta a situación tan excepcional que estamos atravesando no país en plena pandemia causada polo **COVID 19**. Por elo, debemos establecer unha serie de modificacións para adaptar tanto a metodoloxía coma outros aspectos programáticos ao contexto actual que estamos afrontando si se da unha situación de ensinanza non presencial.

- **Os criterios xerais a considerar para o deseño e o desenvolvemento desta programación didáctica no contexto dunha ensinanza semipresencial e non presencial serán os seguintes:**
 1. O profesorado seleccionará e adaptará as metodoloxías mais axeitada á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo seu alumnado e tentarase en todo momento o emprego de recursos míнимos e sinxelos.
 2. Ter en conta a desigualdade que produce entre o alumnado e que se materializa nas diferencias de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación semipresencial ou non presencial. Para elo, dende o Centro faremos un estudio dos recursos dos que dispón o alumnado co obxectivo de anticiparse e buscar solucións ante un

hipotético escenario de ensinanza non presencial.

3. Evitarase a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado e para acadar este obxectivo as actividades non poderán exceder o 80 % do tempo semanal asignado no horario do grupo a súa materia. Asemade definirse unha organización para o envío das actividades ó alumnado e contemplarase sempre un tempo mínimo de sete días para que o alumnado as poda facer e proceder o seu envío.
4. As clases poderán ser impartidas (na modalidade non presencial) mediante a plataforma da Xunta Cisco Webex, creada para esta finalidade.
5. As actividades e tarefas a desenvolver na modalidade non presencial se farán a través do aula virtual mediante diferentes instrumentos de avaliación: realización de cuestionarios, deseño de tarefas e sesións, mapas conceptuais, traballos de investigación, etc.
6. Na modalidade semipresencial poderanse realizar tarefas na aula ou pabillón na parte presencial no centro e tamén se levarán a cabo tarefas a través da aula virtual na parte non presencial no centro.
7. A avaliación final do curso será continua, formativa e diagnóstica.

Para iso é preciso ter en conta os **principios constructivistas**:

1. **Necesidade de partir do nivel de desenvolvimento do alumno:** o profesor ha de ter en conta o nivel de desenvolvimento físico e intelectual dos seus alumnos así como os seus patróns de movementos previos para poder adaptar os métodos, estratexias e actividades que vai empregar.
2. Necesidade de asegurar a **construcción de aprendizaxes significativas:** estarán adaptados ao nivel de desenvolvimento do alumno e permitirán establecer relacóns entre os coñecementos e experiencias previas do alumno e os novos contidos.
3. A intervención educativa debe ter como obxectivo prioritario o posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si mesmos. É dicir, que sexan capaces de aprender a aprender (competencia en aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal). Fin último da educación, preténdese lograr que o alumno/a sexa capaz de lograr unha aprendizaxe autónoma e que o día de mañá sexa capaz de aprender a desenvolverse en por si.

Para levar a cabo estes principios é preciso describir os **estilos de ensino** que utilizarei. Estes serán xeralmente, os tradicionais (instrucción directa e asignación de tarefas), os cognitivos (descubrimiento guiado e resolución de problemas) e os de individualización como o traballo en grupos.

Para planificar cada sesión seguirei o modelo de organización de Santos de Berrocal, o cal divide a sesión en 5 partes ou apartados:

1. Información.
2. Adaptación ou quencemento.

3. Logro de obxectivos.

4. Volta á calma.

5. Reflexión e avaliación.

En canto ás **actividades**, é preciso desenvolver unha gran variedade para atender a todas as características, capacidades e necesidades dos alumnos.

Adoptarei diferentes formas de agrupamento, atendendo aos contidos a traballar e aos obxectivos a alcanzar. Xa que logo exporemos actividades individuais, colectivas, por parellas,...

Así pois, nunha mesma sesión combinaremos diferentes **tipos de actividades** que permitan que o alumno alcance unha aprendizaxe significativa. Estas serán actividades de diagnóstico (permiten coñecer o punto de partida dos alumnos/as), de introdución ou motivación (incitan ao alumno/á a práctica), de desenvolvemento e aprendizaxe (garanten a adquisición das aprendizaxes), de consolidación (práctica de aspectos apresados aínda que con inestabilidade nos resultados de execución), de reforzo (resaltan aspectos da tarefa especialmente relevantes), de resumo (integran varias tarefas de desenvolvemento e aprendizaxe), de recuperación-ampliación (permiten atender a posibles alumnos/as con ritmos de aprendizaxes más lentas ou rápidos), e de avaliación (posibilitan valorar o nivel que ten o alumno).

Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalie con plena obxectividade.
2. O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
3. Permitirse ata un máximo de 11 PL/curso de faltas a clase (10%) para manter o dereito a avaliación continua (90%).
4. No momento que un/a alumno/a acade 10 PL de inasistencia a clase (5%) apercibiráselle coa advertencia de que no momento que acade as 3 faltas perderá automaticamente o seu dereito á avaliación continua.
5. A solicitude e documentación para a xustificación das faltas de asistencia deberán presentarse por escrito ó profesor por adiantado ou cun prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende o día que produciuse a inasistencia a clase.
6. A acumulación de 3 retrasos superiores a 9 minutos suporán 1 falta de asistencia.
7. A acumulación de 5 retrasos inferiores a 10 minutos suporán 1 falta de asistencia.
8. Os retrasos inferiores a 10 minutos poderán ser equivalentes a retrasos superiores a 9 minutos en función do tempo do retraso acumulado.

9. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar as probas de avaliación en convocatoria extraordinaria, a cal farase con posterioridade á convocatoria ordinaria do módulo.
10. O alumno/a que esgotara as catro convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria mais extraordinaria, sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).
11. Como mínimo o alumno/a deberá ser capaz de acadar de xeito básico as seguintes competencias específicas do módulo:
 - a) Planificar e dirixi-lo adestramento de deportistas e equipos de fútbol en competicións de medio e alto nivel, así como dirixir escolas de fútbol (competencia xeral).
 - b) Empregando imaxes de xogadores de fútbol de equipos de primeira división española, detecta-los erros de execución técnica, explica-las causas e propor exercicios para a mellora técnica.
 - c) Para un determinado xesto técnico dun porteiro de fútbol:
 - a. Realiza-la análise do xesto técnico.
 - b. Propor unha serie de exercicios específicos para o adestramento do xesto técnico.
 - d) Establece-las series completas de exercicios para a mellora das diversas accións técnicas.
 - e) Nun suposto práctico dun determinado equipo de fútbol de primeira división española, deseñar a aplicar unha serie de sesións de adestramento de accións técnicas; establecer, por sesións, os obxetivos, os contidos e os criterios para avalia-la obtención dos obxetivos propostos; e determinar en tódolos casos o adestramento das accións individuais e as accións con compaíño, en grupos e en equipo.
 - f) Describi-lo adestramento da velocidade do xogador con balón, as diferentes procedencias e traxectorias do balón e a dificultade na posición nun suposto práctico dun determinado equipo nunha competición.
 - g) Aplica-los criterios para avalia-la progresión dos deportistas na aprendizaxe da técnica.
 - h) En función de obxetivos propostos, desenvolver diferentes exercicios para o adestramento técnico dun porteiro de fútbol.
1. A avaliación continua do módulo terá en conta:
 - a) O traballo do alumno/a (W); valorarase nunha escala 1 – 10 e suporá un 60 % da cualificación final. Para a avaliación dos traballos terase en conta a orixinalidade, a calidade da presentación, a coherencia na estrutura e contidos, a claridade expositiva, a capacidade de síntese, o tipo de linguaxe empregada e o respecto aos prazos de entrega. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas nos traballos realizados. **No contexto dunha ensinanza non presencial estas probas realizaranse a través da aula virtual de forma telemática a través dos recursos que ofrece a mesma (buzón de tarefa, probas de escolla múltiple, probas con cuestións de resposta escrita,...)**

b) O aprendizaxe dos alumnos/as (L); valorarase nunha escala de 1–10 e suporá o 40 % da cualificación final. O instrumento de avaliación empregado será a realización de probas escritas de resposta múltiple e/ou resposta curta. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das probas realizadas. **No contexto dunha ensinanza non presencial estas probas realizaranse a través da aula virtual de forma telemática a través dos recursos que ofrece a mesma (buzón de tarefa, probas de escolla múltiple, probas con cuestións de resposta escrita,...)**

1. A cualificación final do módulo (F) valorarase nunha escala de 1 – 10 e calcúlase:

$$F = k * (W * 0,6) + L * 0,4$$

2. O valor de k é un coeficiente que terá en conta as faltas de asistencia:

Faltas (pl)	k
0-2	1
3	0,9
4	0,8
5	0,7
6	0,6
7	0,5
8	0,4
9	0,4
10	0,3
11	0,2
12	0,1

- **Metodoloxía para a modalidade SEMIPRESENCIAL**

RECURSOS EDUCATIVOS	DESCRICIÓN
Actividades prácticas autónomas (para o período de non asistencia á aula)	Desenrollo de actividade física mediante a entrega de sesións a través da aula virtual para asimilar os contidos da materia.
Actividades prácticas autónomas (para o período de non asistencia á aula)	Realización de cuestionarios, resumos, mapas conceptuais, tarefas de investigación, todo baseado nos contidos da materia.
Actividades prácticas e teóricas (para o período de asistencia á aula)	Clases teórico-prácticas sobre os contidos curriculares (Unidades didácticas), probas tipo test, de resposta curta ou de desenrollo sempre ligadas aos contidos da materia.
Actividades prácticas guiadas (para o período de nos asistencia á aula)	Titorización das actividades vía correo electrónico corporativo au a través do foro da aula virtual do IES Sánchez Cantón.

- **Metodoloxía para a modalidade NON PRESENCIAL**

RECURSOS EDUCATIVOS	DESCRICIÓN
Actividades Prácticas Autónomas	Entrega de traballos baseados na resolución de problemas por parte do alumnado a través do AV do Centro. Os contidos desenvolvidos corresponden cos criterios de avaliación temporalizados no período establecido para o desenvolvimento da docencia virtual.
Actividades Prácticas Guiadas	Cuestionario formato pregunta/resposta aberta vencellados. Os contidos desenvolvidos corresponden cos criterios de avaliación a cualificar no período establecido para o desenvolvimento da docencia virtual.
Actividades Prácticas Autónomas	Grabación e envío de vídeos relativos aos contidos da materia vencellados/as co eido procedural da materia a través do AV do Centro.
Actividades teóricas	Probas de resposta en liña e/ou tipo test obxectiva e pechada a través da AV do Centro relativos aos contidos da materia.
Actividades Prácticas Guiadas	Titorización das actividades vía correo electrónico corporativo ou foro AV Sánchez Cantón. Impartir clase a través da plataforma Webex e resolver dúbidas.

Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Durante o curso poderanse facer conforme o horario elaborado pola xefatura de estudos actividades de apoio, recuperación e avaliación para aqueles alumnos/as que non acadaran unha avaliación positiva na avaliación final do módulo.
2. As actividades de recuperación e apoio definiranse conforme os resultados obtidos polos alumnos/as na avaliación anterior e centraranse de xeito concreto nos erros e as dificultades mostradas.
3. O marxe do tratamento específico destas actividades manterase un enfoque global e integrador dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do módulo.
4. Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, a investigación e o aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo, autorregulado e co emprego de TIC.
5. Se fose necesario o comezo do período de actividades faríase unha proba de diagnose complementaria para determinar con mais precisión as necesidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

Procedemento para definir a proba de avaliación na convocatoria extraordinaria

1. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar probas de avaliación nunha convocatoria extraordinaria.
2. A proba da convocatoria extraordinaria deberá medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia asociada o módulo (técnica individual e colectiva III).
3. A proba poderá conter preguntas de resposta corta e/ou preguntas de resposta múltiple e/ou resolución de supostos prácticos e para obter avaliación positiva na mesma o alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 nunha escala de 1 – 10.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo.
2. Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
3. O remate do curso e con anterioridade ó 30 de xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

Medidas de atención á diversidade

Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. TEMPORALIZACIÓN: A xuntanza de avaliación inicial farase despois de un mes a partir do comezo do curso.
2. OBXECTIVOS:
 - a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
 - b) Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
1. METODOLOXÍA:

1. O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incidan no proceso educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de :
 - a) Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
 - b) Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
 - c) O alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
 - d) Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
 - e) A experiencia profesional previa.
 - f) A matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
 - g) A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
2. O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleránse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.
 3. Esta avaliação inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Atención a diversidade en situación non presencial:

- Ao alumnado con NEE que precisen da aplicación de medidas extraordinarias de atención a diversidade se lles facilitarán as tarefas de modo tutorial (respondendo as preguntas e adaptándose as dificultades que podan ter, tempo e forma das tarefas).
- No caso da aparición de alumnado con NNE de carácter extraordinario de xeito sobrevido, resloverase a situación co deseño dunha adaptación curricular significativa e adaptada as características individuais do alumno/a en base a lexislación vixente.
- No caso da existencia de alumnado con dificultades o acceso a Aula Virtual do centro, contactarase vía telefónica ou vía correo ordinario para o establecemento de medidas extraordinarias de acceso o currículo.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:
 - a) Adaptación dás condicións de accesibilidade ó centro.
 - b) Adaptación dos recursos de apoio.
 - c) Flexibilización para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).

1. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:
 - a) Actividades de reforzo individualizadas.
 - b) Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.
 - c) Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos.

Actividades complementarias e extraescolares

1. Visionado de vídeos nos que se expoñan contidos relacionados coa materia (técnica individual e colectiva III).
2. Charla organizadas nas que intercambiar impresións acerca das diversas decisións a tomar dende a óptica do adestramento técnico. Serían levadas a cabo con adestradores da zona e con experiencia no mundo do fútbol.
3. Posibilidade de levar a cabo unha visita dunha semana a observar o adestramento dun equipo da élite (Celta de Vigo, Real Club Deportivo da Coruña, Real Madrid C.F., etc...) observando in situ o seu desenrollo técnico.

Bibliografía recomendada y páginas web:

- **Revista profesional de fútbol y fútbol sala.**

<http://www.futbol-tactico.com/es/>

- **Apuntes de la Maestría en fútbol.** Facultad de ciencias de la educación. Pontevedra. AÑO 2003.
- **Máster profesional en alto rendimiento en deportes de equipo.** FUNDACIÓ FC BARCELONA. AÑO 2004.